

A ciencia sae dos laboratorios e chega ás rúas, aos centros educativos e aos espazos públicos de Carballo cunha semana chea de propostas para experimentar, descubrir, preguntar e compartir coñecemento.

Charlas, obradoiros, espectáculos, astronomía, historia, tecnoloxía, maxia e encontros con investigadoras e investigadores conforman unha programación pensada para públicos de todas as idades, con especial protagonismo das crianzas e da mocidade.

Carballo súmase así á **Noite Europea das Investigadoras e dos Investigadores**, unha iniciativa que achega a ciencia á cidadanía e pon en valor o talento investigador, a curiosidade e o coñecemento como ferramentas para entender e transformar o mundo.



Financiado por
la Unión Europea



ENTIDADES COLABORADORAS



Asociación de
jóvenes empresarios
de Bergantinos

SÁBADO, 26 DE SETEMBRO MERCADO MUNICIPAL

13.00 h

Público mozo e adulto
Acceso libre ata completar a capacidade
Colabora Bodegas Carballo

VERMÚ CIENTÍFICO CON CHUS LAMAS E ÁNGEL CARRACEDO

O xenetista Ángel Carracedo e a directora da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS), María Jesús Lamas, protagonizan un encontro para falar de ciencia, saúde e investigación nun ambiente distendido e próximo. Que nos conta o ADN? Como chega un medicamento ata nós? Cara a onde avanza a medicina personalizada? Xenética, novos tratamentos, medicamentos e os retos da saúde do futuro estarán sobre a mesa. Un vermú científico aberto ao público, para conversar coa ciencia e con dúas das persoas que mellor poden axudarnos a entendela.

De 16.00 a 21.00 h

Todos os públicos
Acceso por quendas, sen inscrición

CINE 360° E PLANETARIO 3D

O **Cine Domo 360°** ofrece unha experiencia audiovisual inmersiva na que as imaxes se proxectan sobre toda a cúpula e envolven completamente o público. A través de espectaculares películas educativas en formato 360° poderemos viaxar polo Universo, achegarnos aos planetas e ás estrelas e descubrir a ciencia dun xeito diferente, combinando aprendizaxe, emoción e diversión. Un auténtico planetario móbil para vivir a sensación de estar no centro da acción.



DOMINGO, 27 DE SETEMBRO MERCADO MUNICIPAL

Sesións ás 11.00 e ás 12.45 h

Público familiar
Inscricións de balde en carballo.gal

MANUALIDADES ASTROFÍSICAS

Obradoiro familiar para descubrir o universo coas mans. Achegarémonos á astrofísica a través da construción de instrumentos sinxelos como cuadrantes, planisferios e espectroscopios, que nos axudarán a comprender os movementos dos astros, observar o ceo e descubrir que información agocha a luz das estrelas. Unha maneira divertida e accesible de aprender ciencia en familia. E, ademais, poderás levar para a casa as túas creacións para seguir explorando!

Funcións ás 18.00, 19.00 e 20.00 h

Espectáculo accesible. Adaptado para persoas con TEA, discapacidade visual, auditiva, neurolóxica ou intelectual
De balde con reserva en carballo.gal

Espectáculo astronómico desde o deseño universal

UNIVERSO ACCESIBLE COSMOS CREATIVO (MADRID)

Unha experiencia para todos os públicos que nos convida a descubrir o cosmos a través da ciencia, da arte e dos sentidos. A que cheira a Lúa? Pódese escoitar unha nebulosa? Como é tocar un meteorito de miles de millóns de anos? Luz, son, aromas, imaxes e elementos táctiles acompañan unha viaxe moi especial polo universo. Un espectáculo para ver, escoitar, tocar e mesmo ulir o cosmos, pensado desde os principios do deseño universal para que todas as persoas poidan desfrutar da experiencia. E todo, cunha boa dose de humor.



A NOITE EUROPEA DAS INVESTIGADORAS E DOS INVESTIGADORES

CARBALLO
SETEMBRO 2026

#EUROPEANRESERARCHERSNIGHT



DO LUNS 21 AO MÉRCORES 23 DE SETEMBRO
ACTIVIDADES ORGANIZADAS POR NAUTERRA

Horario escolar

- Visitas de estudantes de FP ás instalacións de Conservas Calvo
- Charla sobre innovación para alumnado de FP e Bacharelato

Colaboran os IES Alfredo Brañas e Isidro Parga Pondal

XOVES, 24 DE SETEMBRO
ESCOLAS DO XARDÍN AGRA DE CALDAS

19.00 h

Público mozo e adulto
Entrada libre ata completar a capacidade

ENCONTRO INTERXERACIONAL DE
HISTORIADORES/AS DE CARBALLO

XORNADAS CARBALLO NA MEMORIA

XAN M. FRAGA RODRÍGUEZ
MARGARITA BARRAL MARTÍNEZ
HADRIÁN GARCÍA PÉREZ

Modera **Candela Lola Battiato Miñones**

Colabora a Concellaría de Bibliotecas, Arquivos e Normalización Lingüística



VENRES, 25 DE SETEMBRO
NOITE EUROPEA DAS PERSOAS INVESTIGADORAS

Horario escolar

Alumnado de 1º e 2º da ESO
IES Alfredo Brañas e CPR Artai
Colabora **Academia Joven de España**

ENCONTROS CON INVESTIGADORES/AS

EDGARD CAMARÓS

Paleopatoloxía e arqueozooloxía

CINTIA FOLGUEIRA

Endocrinoloxía e metabolismo celular

12.00 h

ZARZUELA CIENTÍFICA

LA MEDICIÓN DE UN SUEÑO

COSMOZARZA, CIENCIA Y ZARZUELA (MADRID)

A física Alicia Sintes, referente internacional no estudo dos buratos negros, a relatividade e a detección de ondas gravitacionais, protagoniza esta orixinal proposta que mestura ciencia, música e teatro. *La medición de un sueño* aborda a aventura de investigar, os retos de desenvolver grandes proxectos e tamén unha cuestión moi próxima á mocidade: é posible construír unha carreira científica sen ter que marchar do lugar no que nacemos?

17.00 a 20.00 h

Todos os públicos
Salón de actos do Pazo da Cultura
Inscripcións en carballo.gal

ZARZUELA EN CONSTRUCCIÓN

Taller de co-creación dunha escena de zarzuela, dirixido por Cosmozarza

Colaboran **uc3m | Universidad Carlos III de Madrid e Apadrina la ciencia**



De 17.00 a 18.00 h

Público infantil de 8 a 11 anos
Salón de actos do Pazo da Cultura
Inscripcións en carballo.gal

CIRCULACCIÓN: CONECTA, EXPERIMENTA E AFORRA!

Un obradoiro para descubrir como funcionan os circuitos a través do xogo e da experimentación, e aprender a utilizar a enerxía de forma responsable.

Impartido por **Adriana Dapena, Paula Castro e Óscar Fresnedo** (investigadores do CITIC da Universidade da Coruña)

19.00 h

Público xuvenil e adulto
Cafetaría do Pazo da Cultura
Entrada libre e de balde

CHARLAS DIVULGATIVAS

A NOITE DAS PERSOAS INVESTIGADORAS

VERÓNICA BOLÓN CANEDO

IA verde: cara un futuro sostible

PABLO PITA ORDUNA

Conto peixes. Debería buscar un traballo serio?

MARÍA ANDRADE SUÁREZ

Pode unha árbore cambiar unha cidade? Infraestrutura verde e o desafío de reconciliar natureza e vida urbana

MAXIA CIENTÍFICA

MAGO PABLO ESTÉVEZ



SÁBADO, 26 DE SETEMBRO
MERCADO MUNICIPAL

De 10.00 a 13.00 h

Público infantil de 4 a 12 anos
Sala Cervantes
Acceso por quendas, sen inscrición

LABORATORIO DE QUÍMICA
TALLERES CIENTÍFICOS CON CINE 360

Un obradoiro para converterse en científicos e científicas por un día e descubrir que a química está moito máis preto do que pensamos. A partir de materiais e produtos de uso cotián realizaranse experimentos rápidos, seguros e espectaculares, nos que as propias crianzas poderán participar e comprobar reaccións, cambios de cor e outras sorprendentes transformacións. Unha maneira divertida de achegarse á química!

De 10.00 a 12.00 h

Todos os públicos
Praza do Concello
Acceso libre e de balde

TECNOLOXÍA DE KMO QUE SALVA VIDAS

NordesTech achéganos á ciencia e á tecnoloxía que hai detrás dos drons e dos vehículos non tripulados empregados en emerxencias, salvamento, vixilancia forestal e costeira e control de infraestruturas.

Unha actividade con exposición de equipos, demostracións e exhibición tecnolóxica para descubrir como a física, a robótica, os sensores e as telecomunicacións poden axudarnos a observar o que non vemos, chegar onde nós non podemos e mesmo salvar vidas.

Organizan **Axober e NordesTech**

